

BASES PARA A SELECCIÓN DO DIRECTOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO "EO - NAVIA "

Primeira .- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigos **10 e 12** da orde do 29 de decembro de 2015 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán na selección de quen será contratado como director do **Obradoiro de Emprego "Eo - Navia "**, promovido polo Concello de **A Fonsagrada** e subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria .

Segunda.- Funcións do posto de traballo.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ó posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

Superior dirección do persoal, das actividades formativas que se desenvolvan no **Obradoiro de Emprego "Eo - Navia "**, e das actuacións práctico-laborais dos seus participantes, así como aquellas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.

Velar polo cumprimento dos obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do proxecto formativo.

Imparti-las clases teóricas dos distintos módulos.

A dirección de obra ou a dirección de execución segundo a titulación

Aquellos outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas.

Terceira.- Características do contrato de traballo.

O contrato de traballo que subscibirá a entidade promotora co seleccionado, terá carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.

Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego

b) Requisitos mínimos.

- Ocupación: **Arquitecto, Arquitecto técnico**

-Experiencia profesional mínima de 24 meses na ocupación.

-Acreditar a competencia docente co certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, ou co CAP ou que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

A posesión destes requisitos mínimos condicionará a admisión dos candidatos ó proceso selectivo.

En todo caso, os interesados deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo o sondaxe.

Quinta.- Composición e funcións do grupo de traballo mixto.

De conformidade co previsto nos artigos 10 e 12 da antedita Orde, reguladora do programas de obradoiros de emprego, o grupo de traballo mixto encargado das actividades de selección, estará integrado por catro membros. Dous o serán en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria e designados polo Xefe Territorial que, ademais, determinará quen será o que ostente a presidencia do grupo de traballo, e dous en representación da entidade promotora.

O Grupo Mixto quedará constituído e poderá actuar coa asistencia da metade dos seus membros dos que polo menos un será dos representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria .

O grupo resolverá por mayoría de votos dos membros, todas as dúbidas que surxan na aplicación e interpretación das normas contidas nas presentes bases.

As decisións adoptaranse por mayoría de votos, tendo o presidente, para os supostos de empate nas votacións, voto de calidade.

A este grupo de traballo, corresponderalle realizar tódalas actuacións encamiñadas a selección dos aspirantes a ocupar as prazas obxecto da convocatoria así como aquelas outras que, de conformidade coa normativa aplicable, teñan atribuídas.

Sexta.- Sistema de admisión de candidatos: oferta de emprego tramitada á oficina de emprego.

1.- O sistema de admisión de candidatos será o de oferta de emprego tramitada á oficina de emprego de **Lugo Sur**.

2.- Os parámetros da sondaxe serán:

a) Data de realización: a partir do **13/09/2016**.
b) Ámbito xeográfico: **Concellos de A Fonsagrada, Negreira de Muñiz e A Pontenova**. De non atoparse candidatos ampliarase ata os Concellos limítrofes e ata acadarse o número máximo de **3** candidatos.

c) Nivel profesional: **Técnico superior ou medio**

d) Número de candidatos a remitir:

-Mínimo: **1**

-Máximo: **3**.

Se o número de candidatos resultante da sondaxe efectuado pola oficina de emprego, excedese da cifra máxima, dita oficina efectuará unha selección, excluíndo, primeiramente, ós que teñan menor experiencia en escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego.

3.- A oficina de emprego comunicará ós candidatos resultantes da sondaxe o lugar, día e hora no que deberán asistir para realizar a selección orientada a cubri-la oferta de emprego formulada, indicándolles, así mesmo, que deberán facelo provistos da documentación en orixinal ou copia compulsada que acredite os seus méritos . así como dunha copia para entregar.

5.- A selección dará comezo ás **9,30 horas** do vindeiro **22 de setembro de 2016** no **antigo instituto do Concello de A Fonsagrada**.

Séptima.- Publicidade da oferta de emprego.

Se o grupo de traballo así o acordase, despois de efectuadas as actuacións que estime oportunas e de remitida a antedita oferta de emprego á oficina de emprego, poderá darlle publicidade a dita oferta mediante a súa exposición nos taboleiros da oficina de emprego de **Lugo Sur** e no concello de **A Fonsagrada**.

Oitava.- Actividades selectivas.

1.- As actividades selectivas terán por finalidade determina-la adecuación dos candidatos ó posto de traballo ofertado e consistirán nunha valoración de méritos e na celebración dunha entrevista persoal.

2.- A tal fin, e de conformidade co previsto no núm. 4 da base 6^a, os candidatos deberán comparecer provistos da documentación que acredite os seus méritos, co obxecto de que sexa avaliada a súa formación e experiencia profesional previa.

Os méritos a valorar no apartado de formación e experiencia profesional previa e a puntuación que poda corresponder a cada un, son os previstos na base seguinte. A puntuación total máxima que se poderá acadar na dita valoración de méritos é de ata sete puntos e medio.

3.- A continuación da avaliación dos méritos, e no mesmo acto, o grupo de traballo procederá a entrevistar a cada un dos aspirantes coa finalidade de coñecer-las súas capacidades persoais e profesionais para desempeñar o posto de traballo ofertado.

A puntuación máxima que se pode acadar pola entrevista persoal será de ata tres puntos e medio.

4.- Finalizado o proceso de selección, o grupo de traballo realizará as actuacións previstas nas bases 10^a e 11^a en orde a determinar quen será o candidato proposto para ocupalo posto de traballo ofertado.

Novena.- Méritos que se valorarán.

Os méritos que serán valorados son os que de seguido se relacionan e deberán acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas.

I) Experiencia profesional/docente:

a) Experiencia como director en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego: 0,50 puntos por cada seis meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.

b) Experiencia profesional coa titulación exisida: 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo ata un máximo de 2 puntos.

De conformidade co previsto na base cuarta b), o período mínimo de experiencia profesional esixida para a admisión ó proceso selectivo, non poderá ser obxecto de valoración neste apartado.

c) Experiencia docente impartindo cursos de formación ocupacional ou como monitor en escolas obradoiro, casas de oficios e obradoiros de emprego : 0,25 puntos por cada 6 meses completos de traballo ata un máximo de 1,5 puntos.

II) Cursos recibidos:

- Curso recibidos de formación relacionados coas labores a realizar, de mais de 50 horas e impartidos por entidades pública : 0,25 puntos por curso ata un máximo de 2 puntos. Acreditados con diplomas nos que figuren os contidos do curso.

En todo caso, os cursos deberán estar relacionados coas funcións que se vaian desempeñar polo que deberá de figurar no dorso os contidos do curso, impartidos por entidades públicas e só se valorarán aqueles que teñan unha duración igual ou superior a vinte horas lectivas. De non figurar na documentación acreditativa a súa duración en horas, non serán obxecto de valoración.

En ningún caso serán valorados aqueles cursos ou asignaturas integrantes dun título académico, Master ou outra Titulación de Postgrao. Tampouco serán valorados módulos ou unidades formativas que formen parte dun mesmo curso.

Décima.- Puntuacións finais. Contratación.

1.- De conformidade co previsto na 8^a destas bases, finalizado e cualificado o proceso de selección, o grupo de traballo procederá ó establecemento das puntuacións finais dos candidatos que teñan participado no proceso de cobertura da oferta de emprego.

As ditas puntuacións finais virán dadas pola suma dos puntos acadados na valoración de méritos e na entrevista persoal e determinarán a orde de prelación dos aspirantes para a súa ulterior contratación pola entidade promotora.

2.- A entidade promotora estará obrigada a contrata-lo aspirante que sexa proposto polo grupo de traballo mixto atendendo as puntuacións finais e tendo en consideración o previsto no parágrafo 3º.

Non obstante o anterior, si o candidato proposto para a contratación renunciase ou non estivese dispoñible para o emprego, o grupo de traballo propoñerá a aquel aspirante que acadase a seguinte mellor puntuación final.

3.- Os candidatos que na data de inicio do Obradoiro de Emprego, estivesen prestando Servizos a tempo completo noutra escolas obradoiro, casa de oficios, obradoiro de emprego ou unidade de promoción e desenvolvemento, non poderán ser propostos

para a súa incorporación ó novo proxecto en tanto non finalizará, por expiración do prazo de duración previsto, o contrato que o vincula co proxecto en funcionamento.

4.- Finalmente, serán obxecto de exposición pública no taboleiro de anuncios do **Concello de Lugo Sur** as puntuacións finais e o nome do candidato proposto para ser contratado pola entidade promotora.

Décimo primeira.- Criterios para dirimir empates.

Para dirimi-los posibles empates entre as puntuacións finais obtidas por dous ou máis candidatos, estarase:

Á puntuación obtida no apartado de experiencia profesional/docente.

Á puntuación obtida no apartado de cursos recibidos.

O de maior idade.

Décimo segunda.- Incidencias e reclamacións.


1.- De conformidade co establecido no artigo **14** da orde do **29 de decembro de 2015** pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de obradoiros de emprego , estarase ós criterios e procedementos para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será de aplicación a normativa establecida para os procedementos de selección de persoal das distintas Administracións Públicas, aínda que a entidade promotora do proxecto formativo sexa un organismo público. Neste último caso, o persoal seleccionado non se considerará incluído nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo, polo que non será preciso oferta de emprego público previa

2.- As incidencias e reclamacións que puideran derivarse do proceso de selección, presentaranse ante o grupo de traballo mixto para a selección no prazo de 3 días naturais a contar dende o seguinte a publicación das actas e serán resoltas polo grupo de traballo mixto, sen que caiba ulterior recurso en vía administrativa.

Lugo a 14 de setembro de 2016



Ana Mª Méndez Enriquez



Verónica López López



Jorge Mariño Pereiro



Francisco Quinzá-Torroja García